REUNIÓN DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Día: 21.01.2019 Hora: 10:30

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 21 de xaneiro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Proposicións non de lei

1 39516 (10/PNC-003171)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coas condicións de acceso de Galicia aos recursos económicos dispoñibles para as comarcas mineiras do Estado e a súa inclusión no novo marco para unha transición xusta e un desenvolvemento sustentable desas comarcas, así como as achegas do Plan do carbón 2006-2012 que lles corresponden ás bisbarras das Pontes e de Cerceda
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 380, do 06.11.2018

2 39639 (10/PNC-003184)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco e Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coas intencións de Alcoa de pechar as súas factorías da Coruña e de Avilés
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 383, do 14.11.2018

3 39973 (10/PNC-003217)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Ministerio de Industria e Turismo en relación coa situación na que se atopa a empresa Isowat Made, do grupo Invertaresa, asentada no polígono de Agrela, na Coruña
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 383, do 14.11.2018

4 40008 (10/PNC-003221)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para minimizar o impacto que vai ter o "Brexit" para as empresas galegas, nomeadamente para as pemes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 386, do 21.11.2018

5 40224 (10/PNC-003248)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo de Alcoa en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 386, do 21.11.2018

6 40266 (10/PNC-003254)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector naval de Ferrol e a súa industria auxiliar
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 386, do 21.11.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019

Cristina Isabel Romero Fernández
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Cristina Isabel Romero Fernández	P

Vicepresidenta

Sandra Vázquez Domínguez	P

Secretaria

Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	EM
Luca Chao Pérez	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Moisés Rodríguez Pérez	P
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 21.01.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 21.01.2019 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 39516(10/PNC-003171)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coas condicións de acceso de Galicia aos recursos económicos dispoñibles para as comarcas mineiras do Estado e a súa inclusión no novo marco para unha transición xusta e un desenvolvemento sustentable desas comarcas, así como as achegas do Plan do carbón 2006-2012 que lles corresponden ás bisbarras das Pontes e de Cerceda

Publicación da iniciativa, 380, 06.11.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 13:26
Nº Rexistro: 39516
Data envio: 31/10/2018 13:26:23.780

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión 6ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza e, especialmente, as comarcas mineiras das Pontes e de Cerceda teñen sufrido un agravio por parte do Estado español canto os seus dereitos de desenvolvemento. Fundamentalmente en dous grandes acontecementos: dunha banda, no 2011 o goberno do Estado aplicou unha redución de máis do 50% en todas as partidas do Plan do Carbón II, no que estaba incluída Galiza. Esta decisión tivo continuidade en 2012, non permitindo realizar máis asignacións e destinando os fondos ao pagamento das obrigas xa contraídas. Por outra banda, cómpre recordar que o terceiro Plan 2013-2018, en vigor, tamén asinado polo Ministerio de Industria, Carbunión e os sindicatos estatais, excluía Galiza.

Excluíuse Galiza coa escusa que as nosa minas de carbón xa non producen, mais cómpre recordar que nin no momento nin na actualidade están oficialmente pechadas, pois estamos na fase de rexeneración ambiental e labores de peche de mina, como calquera outra do Estado na mesma situación. Froito das decisións do Partido Popular Galiza fica fóra, agás para actuacións *"de carácter excepcional, ..., sempre a súa relevancia e ou seu grado de avance o xustifiquen" que nunca existen.* Polo tanto, se

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 13:26
Nº Rexistro: 39516
Data envio: 31/10/2018 13:26:23.780

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ben anteriormente se nos tiña discriminado e se tiñan incumprido os compromisos, no marco vixente até o presente ano estivemos directamente excluídos como país.

No mes de outubro de 2018 fíxose público que o goberno central e o sector da minaría do carbón firmaban un acordo para a transición xusta e o desenvolvemento sostíbel das comarcas mineiras. Porén, da análise dese só pode concluírse que, unha vez máis, Galiza ficará excluída dos seus beneficios; por exemplo Galiza fica sen dereito a axudas para infraestruturas e desenvolvemento económico. Esta é unha situación inaceptábel desde o punto de vista do país, máis aínda cando paira sobre as centrais térmicas a posibilidade dun peche nun prazo curto de tempo.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

"O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a cooperar cos municipios e axentes sociais implicados e dirixirse ao goberno central demandando:

1. A inclusión de Galiza no ámbito xeográfico enunciado no artigo 4.1 do Real Decreto 675/2014 en condicións de igualdade de acceso para os recursos dispoñíbeis para as comarcas mineiras do Estado.

2. Incluír a Galiza en condicións de igualdade no novo acordo marco para unha transición xusta da minaría do carbón e o desenvolvemento sostíbel para as comarcas mineiras para o período 2019-2027.

3. Contificar as achegas económicas que lle corresponden a As Pontes e a Cerceda relativas a infraestruturas no Plan do Carbón 2006-2012, e demandar do

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 13:26
Nº Rexistro: 39516
Data envio: 31/10/2018 13:26:23.780

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

goberno do Estado, por todas as vías posíbeis, as cantidades que, na vixencia do Plan, non fosen empregadas nas mencionadas actuacións."

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/10/2018 13:21:40

María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2018 13:21:45

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/10/2018 13:21:48

Olalla Rodil Fernández na data 31/10/2018 13:21:50

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2018 13:26
Nº Rexistro: 39516
Data envio: 31/10/2018 13:26:23.780

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 31/10/2018 13:21:51

Ana Pontón Mondelo na data 31/10/2018 13:21:58

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 21.01.2019 Hora: 10:30
Orde do día

1.2 39639(10/PNC-003184)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coas intencións de Alcoa de pechar as súas factorías da Coruña e de Avilés

Publicación da iniciativa, 383, 14.11.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 13:02
Nº Rexistro: 39639
Data envio: 05/11/2018 13:02:07.428

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu portavoz Luis Villares Naveira e os seus deputados **Francisco Casal Vidal e Antón Sánchez García,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na Comisión 6.ª, relativa á declaración de Alcoa de pechar as súas factorías en A Coruña e Avilés.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Seguro que non é preciso explicar a situación pola que están atravesando as traballadoras e traballadores da planta de A Coruña e da planta irmá de Avilés, pois cónstanos que a Xunta de Galicia está informada ao detalle.

Tamén nos consta que Alcoa pouco está colaborando, por non dicir nada, na busca de solucións de consenso onde prime o mantemento das plantas e a riqueza que esas mesmas xeran para as comarcas nas que están emprazadas e para o país.

Sabemos que tanto a Administración do Estado como a de Galicia están moi decepcionadas pola conducta de Alcoa, pero podemos imaxinarnos como se senten os traballadores que durante anos loitaron por unha empresa que agora pretende deixalos tirados, sen mirar atrás. O seu sentimento non é de decepción precisamente, senón de rabia. Rabia pola presentación en si do expediente de extinción pero sobre todo pola maldade "innecesaria" empregada por Alcoa contra as miles de familias que dependen desta industria, pois neste proceso negóuselles calquera tipo de información, a posibilidade de dar a súa opinión ou aportar solucións.

As plantas son rendibles a pesares da política de abandono que Alcoa realizou desde que chegou para facerse cargo das mesmas e de estar intentando coa súa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 13:02
Nº Rexistro: 39639
Data envio: 05/11/2018 13:02:07.428

política de Grupo danar a súa capacidade e agora vén querer xustificar que é un problema de tecnoloxía e demais. Pois non, o que está pasando non é un problema de tecnoloxía, proba delo é que en Europa Alcoa ten outra planta (Noruega, planta de Lista) coa mesma tecnoloxía (Söderberg) que as da Coruña e Avilés e é moi rendible, polo tanto, a desculpa da tecnoloxía non se pode aceptar e hai que ver cales son as diferenzas entre plantas da mesma tecnoloxía para chegar a conclusións razoables e, a partir de aí, buscar solucións.

O Comité de Empresa sabe cales son os problemas e ten propostas que plantexar para que esas diferenzas con plantas europeas, coa mesma tecnoloxía, se acorten e incluso se superen, xa que a propia Alcoa leva anos dicindo que dentro da súa tecnoloxía as plantas de A Coruña e Avilés son as mellores plantas do mundo, e é necesario que os traballadores poidan ter a oportunidade de compartir estes coñecementos coa Administración central (Ministerio de Industria) e coa Administración autonómica (Consellería de Industria).

Estamos convencidos de que se Italia foi capaz de rescatar da "chatarra" a planta de Portovesme que Alcoa cerrou no ano 2014 por un problema de regulación eléctrica incompatible coas normativas europeas, e que este ano inicia a posta en marcha con outro produtor distinto a Alcoa, aquí tamén atoparemos alternativas para a viabilidade das plantas de Avilés e Coruña.

España é un produtor moi importante da produción de aluminio e a súa transformación e os traballadores e as propias factorías teñen o coñecemento, as condicións e as instalacións para elaboralo. É o metal do futuro e se algo aprendemos dos americanos é que é un metal xoven que cada vez ten maior aplicación en máis sectores produtivos (automoción, aeroespacial, transporte, ferrocarril, naval, tecnoloxía, etc), pois a electrificación dos países é inevitable nos próximos anos e este metal é o complemento perfecto, pois pesa pouco, ten grande resistencia e recíclase no 100% cun aporte enerxético do 5% do empregado para a súa obtención primaria.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 13:02
Nº Rexistro: 39639
Data envio: 05/11/2018 13:02:07.428

Este é un sector produtivo estratéxico de cara ao futuro e todo o aluminio primario que España produce é capaz de transformarse no noso país, pois incluso se importa ao chegar a cubrir as necesidades da industria augas abaixo.

Por todo o exposto non podemos permitir que Alcoa cerre plantas en marcha e viables no noso territorio, e menos vendo o que acaba de pasar en Italia, por elo En Marea, facendo súa a proposta do Comité de Empresa, traballará na busca de solucións de futuro e, considerando que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e a este fin, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Instar a Alcoa a retirar o expediente de despido colectivo.

2.- Establecer os mecanismos necesarios e de urxencia para evitar que as plantas poidan entrar nunha parada técnica.

3.- Crear unha mesa con todas as partes implicadas para que, no espazo de tempo de 18 meses, xestione un proceso co obxectivo principal da continuidade e viabilidade das plantas de Avilés e A Coruña.

4. Instar aos Ministerios de Industria e Transición Ecolóxica a preparar e establecer, no período plantexado no punto 3 de 18 meses, unha nova regulación enerxética (eléctrica) similar a de outros países europeos, que faga viables esta e outras industrias electrointensivas.

5.- Instar aos Ministerios de Industria e Transición Ecolóxica a vincular a concesión de calquera axuda ás empresas ao mantemento do emprego e das instalacións.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 13:02
Nº Rexistro: 39639
Data envio: 05/11/2018 13:02:07.428

6.- Instar aos Ministerios de Industria e Transición Ecolóxica, e que tamén se leve a cabo por parte da propia Xunta de Galicia, a vixiar e regular a entrada de metal externo de plantas de Alcoa polos portos españois.

7.- Instar á UE a desenvolver aranceis medioambientais baseados na pegada de CO2 dos produtos que entren na UE procedentes de terceiros países. Non pode ser que o aluminio das factorías que Alcoa desenvolveu, como por exemplo a de Ma´aden en Arabia Saudita, cos beneficios obtidos nas plantas de Galicia e Asturias e cos 1.000 M€ de axudas que saíron do peto de todas as persoas consumidoras de electricidade, lle fagan a competencia ás factorías locais. O aluminio de Ma´aden entra masivamente polo porto de Vigo, un aluminio producido a partir de enerxía eléctrica que queima fuel e auga obtida en desalinizadoras que tamén queiman fuel, é dicir cun nivel de emisións de gases de efecto invernadoiro masivas. Este é o verdadeiro motivo estrutural que manexa Alcoa e non a falsa falta de competitividade das factorías galegas ou asturianas.

8.- Instar aos Ministerios de Industria e Transición Ecolóxica á convocatoria e execución inmediata da partida orzamentaria de 2018 de 150 M€ para mellorar a viabilidade da industria electrointensiva.

9.- Instar aos Ministerios de Industria e Transición Ecolóxica para que tanto as compensacións mencionadas no apartado anterior como a nova e replantexada poxa de interrumpibilidade, que terá que ser convocada de inmediato para os próximos anos, que compense un verdadeiro servizo de interrumpibilidade, se diferencien en varias categorías de empresas en función do impacto que os custos do subministro eléctrico ten nos seus custos totais de produción. Isto evitará que compitan empresas nas que a compensación é imprescindible para a súa viabilidade e outras para as que só é unha axuda para o seu desenvolvemento pero non tan crítica para a súa supervivencia.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 13:02
Nº Rexistro: 39639
Data envio: 05/11/2018 13:02:07.428

GRUPO PARLAMENTAR en marea

10.- Instar ao Ministerio de Transición Ecolóxica a modificar de maneira inmediata a regulación do sector eléctrico para facer competitiva a toda a industria. A primeira medida sacar a produción hidráulica, eólica e nuclear das poxas diarias de enerxía e obrigar a que sexa vendida a longo prazo con prezos xustos e estables. Así mesmo permitirase a contratación bilateral física entre produtores e grandes consumidores como Alcoa.

11.- No caso de que Alcoa insista na súa intención de pechar a factoría de A Coruña, desenvolver os estudos legais necesarios para avaliar a posibilidade de presentar unha demanda á compañía para exixir a devolución das axudas recibidas dada a evidencia que non foron aplicadas aos fins previstos na normativa, garantir a viabilidade da factoría.

12.- Para evitar por todos os medios a parada técnica das factoría, estudar a aplicación do artigo 128.2 da Constitución Española tendo en conta que Alcoa é monopolística na fabricación de aluminio en España.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Francisco Casal Vidal

Antón Sánchez García

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 13:02
Nº Rexistro: 39639
Data envio: 05/11/2018 13:02:07.428

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 05/11/2018 12:49:24

Francisco Casal Vidal na data 05/11/2018 12:49:31

Antón Sánchez García na data 05/11/2018 12:49:44

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 21.01.2019 Hora: 10:30
Orde do día

1.3 39973(10/PNC-003217)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Ministerio de Industria e Turismo en relación coa situación na que se atopa a empresa Isowat Made, do grupo Invertaresa, asentada no polígono de Agrela, na Coruña

Publicación da iniciativa, 383, 14.11.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 17:11
Nº Rexistro: 39973
Data envio: 08/11/2018 17:11:42.892

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 6.ª**, relativa á situación da empresa Isowat Made.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Isowat Made, pertencente ao grupo Invertaresa, encóntrase en concurso de acredores e a piques de ser liquidada salvo que se atope un inversor ou comprador nun corto prazo de tempo.

Isowat ten as súas instalacións no polígono da Grela na Coruña e da emprego nestes momentos a uns 91 traballadores. Pola súa parte Made ten as súas instalacións en Valladolid.

Isowat, antiga Isolux, ten unha traxectoria industrial e tecnolóxica do máximo nivel e sempre foi líder en Galicia, en España e mesmo a nivel internacional no deseño, fabricación e mantemento de cadros de control eléctrico para a industria en xeral con especial incidencia na industria naval, centros de transformación e control de media tensión e infraestruturas eléctricas de todo tipo. Mantén intacta a súa capacidade operativa e está a ofertar numerosas contratacións en procesos de transformación e de nova implantación que se están a desenvolver en Endesa, Repsol, Parques eólicos, etc.

Por todo elo a plantilla está absolutamente perplexa ante unha situación, que á vista do comentado anteriormente, non ten ningunha xustificación e que achacan

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 17:11
Nº Rexistro: 39973
Data envio: 08/11/2018 17:11:42.892

a unha nefasta e case suicida xestión do actual propietario. Débeselles parte da paga extra de xuño ademais das nóminas de febreiro, marzo e abril. É evidente que non se pode permitir que unha empresa galega deste nivel e que debería de ter un futuro prometedor ante as expectativas de traballo no seu sector desapareza. Por elo a Xunta de Galicia ten que intervir de maneira moi decidida, moito máis do que está a facer ata o de agora. Isowat é estratéxica e imprescindible para o desenvolvemento da industria 4.0 en Galicia, transformación que a Xunta cualifica como absolutamente prioritaria.

Ante a situación mencionada e en aras de buscar solucións que garantan todos os empregos, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e, a este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Implicarse no proceso con actuacións concretas para impedir a liquidación de Isowat.

2.- Instar ao Ministerio de Industria e Turismo para que colabore nas iniciativas necesarias para dar solución á situación da empresa.

3.- Solicitar ao administrador concursal a segregación da actual Isowat Made en dúas compañías diferenciadas, Isowat e Made, para buscar solucións independentes para cada unha delas.

4.- Desenvolver as actuacións necesarias para atopar un inversor ou posible comprador que posibilite un novo futuro á compañía. Contemplando as posibles

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 17:11
Nº Rexistro: 39973
Data envio: 08/11/2018 17:11:42.892

garantías financeiras ou outras iniciativas financeiras entre as que dispoñe o IGAPE.

5.- Trasladar aos clientes da compañía, cos que a Xunta mantén unha forte relación, a confianza e tranquilidade ante o futuro da mesma.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G. P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 08/11/2018 17:09:12

Luis Villares Naveira na data 08/11/2018 17:09:21

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 21.01.2019 Hora: 10:30
Orde do día

1.4 40008(10/PNC-003221)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para minimizar o impacto que vai ter o "Brexit" para as empresas galegas, nomeadamente para as pemes

Publicación da iniciativa, 386, 21.11.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 10:14
Nº Rexistro: 40008
Data envio: 09/11/2018 10:14:47.884

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Abel Losada Alvarez, José Manuel Pérez Seco, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

Todo parece indicar que o Reino Unido, convértese no primeiro estado na historia da Unión Europea que abandona a organización, invocando o artigo 50 do Tratado de Lisboa.

Tense aberto un proceso negociador entre a Unión Europea e o Reino Unido que está sendo longo, complexo e intenso.

Aínda que a negociación será bilateral entre a Unión e o Reino Unido, tódolos países están desenvolvendo estratexias que minimicen os impactos da saída do Reino Unido, impactos que todo parece indicar que serán negativos en moitos ámbitos da vida económica e social.

A resposta do goberno de España baixo a presidencia de Mariano Rajoy, foi de decepción na opinión do Grupo Socialista. Si ao propio "Brexit", engadimos un contexto xeopolítico que se ten alterado notablemente dende 2016 ata a actualidade, debido ao repunte do proteccionismo, especialmente no propio Reino Unido e nos Estados Unidos, a situación tórnase aínda mais complexa; ao que se engaden os problemas en Rusia, Turquía ou América Latina, onde os intereses económicos españois son moi fortes.

De feito, "pouco máis do 30 % das empresas españolas teñen plans de continxencia, segundo un informe publicado por KPMG xa en marzo deste ano. Ao Goberno presidido por Pedro Sánchez preocúpalle que o outro 70 % das empresas non este tendo en conta que o Brexit terá un impacto nas súas relacións comerciais co Reino Unido, e que dependendo do tipo de acordo ao que se chegue, moitas sufrirán os efectos nas súas áreas financeiras, fiscais, legais e nos seus modelos de negocio e cadeas de subministro.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 10:14
Nº Rexistro: 40008
Data envio: 09/11/2018 10:14:47.884

Neste contexto as posicións das comunidades autónomas deberían de poder influír notablemente na posición definitiva que España defenda na negociación da Unión Europea. Ata o de agora, xa case fai un ano, en decembro de 2017, coñeceuse un documento titulado *Análise do impacto do Brexit en Galicia*. Se ben na introdución do mesmo se reclama a necesaria prudencia nesta análise prospectiva, e se fala da necesidade de ir actualizándose conforme as propostas e acordos que se vaian acadando durante as negociacións do proceso.

O documento insta a posicionarse xa en 2018 en diversos eidos, un dos cales sería o reforzo dos servizos de apoio as empresas, especialmente as Pemes, propoñendo medidas de adaptación á nova realidade en cada ámbito empresarial. Sen embargo, mais alá da propaganda no momento de facerse público, os avances coñecidos son practicamente inexistentes.

Posteriormente o CES (Consello Económico e Social de Galicia) ven de publicar un novo diagnóstico que completa a información dispoñible. Pero lamentablemente as suxestións recollidas neste análises de prospectiva non aparecen recollidas nas accións política do goberno da Xunta de Galicia, sen ir máis lonxe, nos orzamentos para 2019, recentemente presentados, as referencias concretas a esta cuestión son inexistentes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

1. Desenvolver un programa específico de apoio as empresas galegas, nomeadamente as Pemes, para a elaboración de plans de continxencia ante os diversos escenarios do Brexit.

2. Poñer en marcha un diagnóstico transversal, centrado sobre todo nas Pemes, e que abranga os ámbitos financeiros, laborais e de innovación, sobre os impactos que o "Brexit" terá na actividade empresarial de Galicia.

3. Desenvolver unha campaña informativa sobre as consecuencias da saída do Reino Unido dirixida especialmente as Pemes, onde se informará sobre medidas e plans de continxencia dependendo do sector ao que pertenzan.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 10:14
Nº Rexistro: 40008
Data envio: 09/11/2018 10:14:47.884

4. Establecer liñas específicas de colaboración co goberno de España a hora de desenvolver estas iniciativas.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
José Manuel Pérez Seco
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/11/2018 17:52:32

Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/11/2018 17:52:40

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/11/2018 17:52:45

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/11/2018 17:52:50

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2018 17:52:52

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 21.01.2019 Hora: 10:30
Orde do día

1.5 40224(10/PNC-003248)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo de Alcoa en Galicia

Publicación da iniciativa, 386, 21.11.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2018 12:37
Nº Rexistro: 40224
Data envio: 14/11/2018 12:37:35.674

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As industrias electrointensivas teñen un importante peso na produción industrial e na xestión do emprego en Galiza. Unha delas é Alcoa, que o pasado 17 de outubro comunicou aos cadros de persoal así como publicamente a súa intención de pechar as instalacións da empresa na Coruña. Unha situación preocupante que ten mobilizada á sociedade e require de avanzar nos pasos que se teñen dado desde o ámbito institucional.

Cómpre recordar que o sistema de interrompibilidade vén sufrindo nos dous últimos anos diferentes modificacións do seu desenvolvemento de cara a adaptarse ás esixencias do marco europeo. As modificacións da anterior regulación do mecanismo competitivo de asignación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade ten espertado as alertas na industria electrointensiva e abre diferentes dúbidas sobre como poderá afectar á industria situada no noso país, xa que muda de forma importante o mecanismo de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2018 12:37
Nº Rexistro: 40224
Data envio: 14/11/2018 12:37:35.674

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

capacidade. Fóra de ir cara unha corrección desta situación e a mudanza por unha tarifa industrial estábel, semella polas últimas novidades que a intención do goberno central pasa por manter este sistema e as poxas cada seis meses. As propostas verquidas polo presidente da Xunta de cara a fornecelas para períodos dun lustro tampouco parece avanzar.

Paralelamente, o Comité de Empresa de Alcoa trasladou á Xunta de Galiza, ao goberno central e aos grupos parlamentares unha serie de propostas con data de rexistro do 30 de outubro de 2018 que merecen ser consideradas, asumidas como propias e defendidas. É preciso insistir á compañía Alcoa para que non leve a cabo o expediente de extinción de emprego así como impulsar de forma inmediata a constitución dunha mesa de negociación con todas as partes implicadas para atopar unha solución urxente que garanta o mantenemento da actividade empresarial e o emprego, así como implicarse para achegar seguridade e permitir ao conxunto das empresas eletrointensivas competir en igualdade de condicións co resto de factorías a nivel internacional.

Así mesmo, vistos os pasos da propia empresa nas últimas semanas e a insuficiencia... é pertinente tamén poñer enriba propostas vinculadas a que o Estado interveña nesta cuestión. Isto é algo que se ten dado noutros países, noutras ocasións e que mesmo recolle a Constitución española. Desde o Bloque Nacionalista Galego temos clara a defensa da participación pública dos sectores estratéxicos e que é preciso, de non verificarse solucións, apostar pola intervención nesta situación.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2018 12:37
Nº Rexistro: 40224
Data envio: 14/11/2018 12:37:35.674

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a realizar todas as accións necesarias encamiñadas a garantir os centros produtivos e os postos de traballo de Alcoa en Galiza, a comezar por:

1. Comprometerse cunha maior intensidade na defensa dos puntos acordados no Parlamento Galego no Pleno do 23 de outubro e dos puntos demandados no escrito remitido polo Comité de empresa á Xunta de Galiza con data de rexistro do 30 de outubro de 2018. De forma especial, a Xunta deberá:

a) insistir á compañía Alcoa para que retire o expediente de extinción de emprego.

b) impulsar de forma inmediata a constitución dunha mesa de negociación con todas as partes implicadas para atopar unha solución urxente que garanta o mantenemento da actividade empresarial e o emprego, así como implicarse para achegar seguridade e permitir ao conxunto das empresas electrointensivas competir en igualdade de condicións co resto de factorías a nivel internacional.

2. Demandar do goberno central a intervención pública en Alcoa Coruña a través da SEPI."

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/11/2018 12:37
Nº Rexistro: 40224
Data envio: 14/11/2018 12:37:35.674

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 14/11/2018 12:32:45

María Montserrat Prado Cores na data 14/11/2018 12:32:53

Ana Pontón Mondelo na data 14/11/2018 12:32:55

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/11/2018 12:32:56

Olalla Rodil Fernández na data 14/11/2018 12:32:58

Xosé Luis Bará Torres na data 14/11/2018 12:33:04

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 21.01.2019 Hora: 10:30
Orde do día

1.6 40266(10/PNC-003254)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co sector naval de Ferrol e a súa industria auxiliar

Publicación da iniciativa, 386, 21.11.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40266
Data envio: 14/11/2018 19:36:01.080

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

Os estaleiros da ría Ferrol dedicados á construción militar e civil, reparacións e fábrica de turbinas, xeran ao redor de 2.200 empregos directos e 10.500 indirectos. O que supón o 22 % da contribución do emprego industrial da provincia, achegando o 24 % do PIB industrial provincial.

Do mesmo xeito que están a facer, os máis modernos estaleiros da nosa contorna, tense que acometer a modernización organizativa e física das instalacións e métodos de traballo de Navantia, de forma que poidamos ir crecendo de maneira acorde coa dos nosos competidores.

Navantia ten que dotar as instalacións das ferramentas necesarias, para poder seguir á vangarda nun mercado de gran expansión e no que xa estamos posicionados, sen renunciar a novas actividades como a eólica mariña, o desenvolvemento de novos sistemas ou a posta en actividade das fábricas de motores e turbinas que actualmente traballan moi por baixo das súas capacidades.

Por iso os o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Adoptar as medidas necesarias para apoiar o proxecto de modernización e desenvolvemento do Estaleiro 4.0 na ría de Ferrol.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40266
Data envio: 14/11/2018 19:36:01.080

2º) Desenvolver iniciativas no ámbito formativo da FP e da investigación para o sector naval de Ferrol.

3º) Desenvolver un plan integral de apoio á industria auxiliar do naval na Ría de Ferrol que contemple accións no ámbito do financiamento e na innovación dos procesos produtivos..

Pazo do Parlamento, 14 de novembro de 2018

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia

PSG PSOE

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40266
Data envio: 14/11/2018 19:36:01.080

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40266
Data envio: 14/11/2018 19:36:01.080

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 14/11/2018 19:33:15

Abel Fermín Losada Álvarez na data 14/11/2018 19:33:24

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/11/2018 19:33:35

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es